

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 30 DE SETEMBRO DE 2021

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e un minuto do día trinta de setembro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde en funcións, don Juan González Leirós, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta, de UxC; dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei, do PSdeG-PSOE; don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe, do PP; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites, de AV; dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común; e dona María José García Hidalgo, de C's.

Non asiste, con escusa, don Óscar A. García Patiño, de UxC.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona María Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 30 de setembro de 2021, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202109301801350000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, e de conformidade co previsto no artigo 108.4 do Regulamento orgánico municipal, o Sr. presidente somete a votación ordinaria a modificación da orde en que se tratarán os asuntos incluídos na orde do día, co obxecto de tratar en primeiro lugar as declaracións institucionais que figuran na parte declarativa, punto 2.1, pola seguinte orde:

1º Declaración institucional respecto do recoñecemento e felicitacións a varios membros da Policía Local e Garda Civil no Concello de Cambre, pola súa actuación destacada durante a prestación do servizo

2º Declaración institucional promovida pola Fegamp en apoio ao pobo afgán

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os sete concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os dous concelleiros presentes neste momento do PP (don Juan María Abalo Castex e dona María Jesús González Roel), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes neste momento, dado que dona Marta María Vázquez Golpe, do PP, se incorpora con posterioridade á sesión, aprobou modificar a orde dos asuntos

incluídos na orde do día, e tratar en primeiro lugar a declaración de recoñecemento e felicitacións a membros da Policía Local e Garda Civil, e seguidamente a declaración en apoio ao pobo afgán.

Declaracións institucionais

A) Declaración institucional respecto do recoñecemento e felicitacións a varios membros da Policía Local e Garda Civil no Concello de Cambre, pola súa actuación destacada durante a prestación do servizo

Acceso á videoacta – 00:01:04 horas

Vista a proposta de declaración institucional da concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, de data 20 de setembro de 2021, que consta do seguinte teor literal:

“Durante este verán ten sido noticia no noso municipio o papel xogado por varios membros da Policía Local, así como da Garda Civil do posto de Cambre, nunha serie de actuacións que tiveron como resultado preservar o ben máis valioso que temos, a vida humana.

A rápida e eficaz asistencia a un bebé e a unha persoa infartada ou conseguir evitar a perda dunha vida humana son feitos que merecen o recoñecemento por parte de todos nós.

Por iso, os concelleiros e concelleiras que integran o Concello de Cambre, manifestan o seu recoñecemento e trasladan as súas felicitacións aos seguintes membros dos nosos Corpos de Seguridade, polas súas accións, comportamento excepcional e conduta exemplar no cumprimento do seu deber, considerando que é un acto de xustiza para quen as recibe, un estímulo para o Corpo do que forman parte, e un exemplo para a cidadanía:

Axentes da Policía Local de Cambre:

- Manuel Ángel Martínez Sanmartín, con DNI núm. 32xxxx01-Z
- Víctor Muíño Boga, con DNI núm. 32xxxx57-Y
- Susana Laura López Uría, con DNI núm. 32xxxx55-H

Axentes da Garda Civil:

- Adrián Hermida Bello, con DNI núm. 78xxxx82 – B
- Estefanía Lesta Gómez, con DNI núm. 53xxxx56 – T”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 23 de setembro de 2021.

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes neste momento na sesión (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta, de UxC; dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei, do PSdeG-PSOE; don Juan María Abalo Castex e dona María Jesús González Roel, do PP; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites, de AV; dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común; e dona María José García Hidalgo, de C's) aprobou a declaración institucional tal e como foi transcrita.

B) Declaración institucional promovida pola Fegamp en apoio ao pobo afgán

Acceso á videoacta – 00:08:09 horas

Vista a proposta de declaración institucional remitida pola Fegamp en apoio ao pobo afgán, que foi ditaminada

favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 23 de setembro de 2021 co seguinte teor literal:

“O Concello de Cambre manifesta a súa incondicional defensa a favor da liberdade das persoas e do respecto aos seus dereitos en todos os lugares do mundo.

Nas últimas semanas estamos a presenciar convulsos acontecementos e desesperación en milleiros de persoas que tentan abandonar o seu país por temor a posibles represalias.

A toma do poder por parte dos talibáns tras anos de intervención internacional trae novas e imaxes que consternan e inquietan por canto poidan ser a antesala da volta a un réxime represivo histórico neste país asiático, que supón unha especial ameaza para a integridade das mulleres.

Calquera poboación debe ser dona do seu propio destino, e desexamos ferventemente que os afgáns e afgás poidan participar dunha convivencia pacífica e respectuosa con todas as crenzas relixiosas, opinións políticas e decisións de vida, permitindo a cada persoa aspirar ao desenvolvemento que desexe como ser humano.

Dende esa premisa, o Concello de Cambre desexa trasladar ao pobo afgán o pesar polas difíciles circunstancias que está a atravesar e a nosa solidariedade, así como pedir á Xunta de Galicia, ao Goberno do Estado e á Comunidade Internacional, a sensibilidade e responsabilidade de non escatimar esforzos e actuar para que todas as persoas poidan beneficiarse dos principios de liberdade e de dereito a unha vida digna, respondendo por tanto, da mellor maneira posible, ás voces de auxilio que estes días chegan dende Afganistán.”

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes neste momento na sesión (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta, de UxC; dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei, do PSdeG-PSOE; don Juan María Abalo Castex e dona María Jesús González Roel, do PP; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites, de AV; dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común; e dona María José García Hidalgo, de C's) aprobou a declaración institucional tal e como foi transcrita.

A continuación, examináronse o resto de asuntos, pola orde na que constaban incluídos na convocatoria.

1. PARTE RESOLUTIVA

1.1. Ratificación da Resolución da Alcaldía núm. 1597/2021, do 16 de setembro, de interposición de recurso de apelación contra a sentenza núm. 117/2021, do 7 de setembro de 2021, recaída no procedemento abreviado 118/2020 perante o Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 da Coruña

Acceso á videoacta – 00:10:25 horas

Vista a proposta da Alcaldía, de data 17 de setembro de 2021, que consta do seguinte teor literal:

“Con data 16 de setembro de 2021, por esta Alcaldía ditouse a Resolución núm. 1597 que consta do seguinte teor literal:

«Visto o informe-proposta do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 16 de setembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

*“En relación co asunto de referencia e unha vez ditada sentenza no mesmo, se emite o presente **INFORME** con base nos seguintes*

ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- Con data de rexistro de entrada do 13 de setembro de 2021 se recibe na Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de A Coruña Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de A Coruña pola que se estima o recurso contencioso-administrativo interposto por D. José Agustín Barca Cotelo contra o acordo do Pleno desta Corporación de modificación puntual da Relación de Postos de Traballo no que ao posto de traballo de Xefe de sección de Planeamento e Xestión se refire, publicada no Boletín Oficial da Provincia do 15 de novembro de 2019, con revogación do mesmo.

2º.- Como en dita Sentenza se indica, a mesma non é firme podendo interpoñerse contra ela recurso de apelación ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

3º.- No escrito da Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de A Coruña do pasado 14 de setembro polo que se remite a este Concello dita sentenza, por canto dita Asesoría exerce a representación e defensa deste Concello neste proceso contencioso-administrativo, afirmou que á vista do contido e fallo da sentenza "procede a interposición de recurso de apelación".

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- A lexislación aplicable está constituída principalmente polos artigos 21-1.k) e 3 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local e 81 e seguintes da Lei 29/1998 reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

2º.- O artigo 21-1.k) Lei 7/1985 indicado atribúe ao Alcalde o exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa do Concello nas materias da súa competencia e, no caso de urxencia, en materias da competencia do Pleno dando conta ao mesmo na primeira sesión que se celebre para a súa ratificación.

3º.- Vista a sentenza indicada e a consideración da Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de A Coruña

de que unha vez visto o contido de dita sentenza procede a interposición de recurso de apelación contra a mesma, e tendo presente, por outra parte, o prazo perentorio que existe para a redacción e interposición de dito recurso, fórmase á Alcaldía a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Primeiro.- Interpoñer recurso de apelación contra a sentenza nº 117/2021 de data 7 de setembro de 2021 recaída no procedemento abreviado 118/2020 perante o Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de A Coruña, e comparecer en dito recurso exercitando este Concello o seu dereito á defensa, e encomendando tal defensa así como a súa representación á Asesoría Xurídica da Excm. Deputación de A Coruña, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica aos entes locais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial de A Coruña e publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988.

Segundo.-Comunicar a presente designación á Asesoría Xurídica mencionada e facilitarlle cantos antecedentes e documentación sexan necesarios para o fin indicado.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre para a ratificación da presente, de conformidade co artigo 21-1.k) da Lei 7/1985 reguladora das Bases do réxime local."

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Interpoñer recurso de apelación contra a sentenza nº 117/2021 de data 7 de setembro de 2021 recaída no procedemento abreviado 118/2020 perante o Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de A Coruña, e comparecer en dito recurso exercitando este Concello o seu dereito á defensa, e encomendando tal defensa así como a súa representación á Asesoría Xurídica da Excm. Deputación de A Coruña, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica aos entes locais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial de A Coruña e publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988.

Segundo.-Comunicar a presente designación á Asesoría Xurídica mencionada e facilitarlle cantos antecedentes e documentación sexan necesarios para o fin indicado.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre para a ratificación da presente, de conformidade co artigo 21-1.k) da Lei 7/1985 reguladora das Bases do réxime local.»

Tendo en conta o disposto na citada resolución, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propono ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO:**

Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 1597/2021, do 16 de setembro, pola que se resolveu interpoñer recurso de apelación contra a sentenza nº 117/2021 de data 7 de setembro de 2021 recaída no procedemento abreviado 118/2020 perante o Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de A Coruña, e comparecer no dito recurso exercitando este Concello o seu dereito á defensa, e encomendando tal defensa así como a súa representación á Asesoría Xurídica da Excm. Deputación da Coruña.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 23 de setembro de 2021.

Faise constar que dona Marta María Vázquez Golpe, do PP, incorpórase á sesión antes da votación do presente asunto.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os sete concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Votan en contra os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

Cando son as vinte e unha horas e dezasete minutos, auséntase da sesión don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG.

1.2. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Acceso á videoacta – 01:16:29 horas

Este punto non foi utilizado.

2. PARTE DECLARATIVA

2.1. Declaracións institucionais

Acceso á videoacta – 01:16:36 horas

Este punto xa foi tratado ao comezo da sesión.

2.2. Mocións dos grupos municipais

Acceso á videoacta – 00:16:37 horas

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP en apoio do acceso da poboación aos servizos financeiros. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel

Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes neste momento na sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Única. Moción do grupo municipal do PP en apoio do acceso da poboación aos servizos financeiros

Rexistrada de entrada ao núm. 999/4912 o día 24 de setembro de 2021. Consta do seguinte teor literal:

“Nos últimos anos -con especial intensidade desde a crise financeira de 2008- tivo lugar en España un dos maiores procesos de concentración bancaria de Europa. A pesar de que este proceso permitiu reforzar a solvencia das entidades e recuperar a confianza e a estabilidade do sistema financeiro, tamén trouxo consecuencias negativas, como unha importante diminución do persoal e o peche de oficinas bancarias, o que está a dificultar a accesibilidade aos servizos financeiros por parte da poboación, particularmente no ámbito rural.

Así mesmo, as entidades financeiras están primando o uso das novas tecnoloxías para a realización da maioría dos trámites bancarios. Aínda que a banca electrónica aporta vantaxes de inmediatez e accesibilidade, unha implantación precipitada dificulta o acceso a servizos financeiros básicos naqueles lugares onde a dixitalización aínda non se desenvolveu na súa plenitude ou naquelas persoas que teñen un menor desempeño nas novas tecnoloxías, con especial incidencia na poboación envellecida e que vive soa.

Todas as administracións públicas, en colaboración coas entidades financeiras que operan en Galicia, debemos garantir que toda a poboación galega, con independencia do seu lugar de residencia e da súa idade, teña acceso aos servizos bancarios e financeiros, prestando especial atención ao ámbito rural e a poboación envellecida.

De feito, xa existen fórmulas útiles neste ámbito, como a iniciativa promovida recentemente pola Xunta de Galicia, en colaboración coa FEGAMP, que permitirá a moitas localidades que carecen de oficina dispoñer dun caixeiro no seu municipio, e así mesmo que os veciños poidan contar con servizos de asistencia financeira e de formación.

Ademais, a través dos organismos autonómicos de Consumo tamén se traballa na defensa dos usuarios de banca, mediante a organización de campañas informativas e prestación de asesoramento en materia de servizos financeiros.

Dende o noso grupo valoramos estas medidas, pero consideramos que debe existir unha coordinación e unha planificación a nivel estatal para que realmente sexan eficaces, tal e como se aprobou por amplísima maioría no Senado de España. Non estamos ante un problema exclusivamente galego, senón que se dá no conxunto de España, e no que todas as administracións debemos implicarnos.

De feito, a Xunta de Galicia enviou o pasado 7 de setembro unha carta ao executivo central, solicitando a elaboración dun estudo sobre a situación do mercado financeiro en España desde o punto de vista da concentración bancaria, a competencia, e o acceso aos servizos financeiros; así como a implantación dun marco normativo común que regule a prestación universal dos servizos financeiros básicos de xeito que se garanta a súa prestación a todos os cidadáns, con calidade e cun prezo accesible

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Cambre, presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDOS**:

1º.- O Concello de Cambre insta ao Goberno de España, en coordinación coas administracións autonómicas e locais, á posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira, con medidas que garantan o acceso de toda a poboación aos servizos financeiros, con especial atención á xente maior. Entre estas medidas estaría a de impulsar unha normativa que regule a atención personalizada para a realización de servizos financeiros básicos ou esenciais e a un prezo alcanzable.

2º.- O Concello de Cambre insta á Xunta de Galicia, en tanto en canto non estea aprobada unha estratexia estatal de loita contra a exclusión financeira, a continuar impulsando, xunto coas administracións locais galegas e en colaboración coas entidades financeiras que operan en Galicia, medidas que faciliten o acceso da poboación aos servizos financeiros, tales como a instalación de caixeiros multientidades e programas de formación en banca electrónica.

3º.- O Concello de Cambre comprométese a ceder espazos municipais para facilitar, en colaboración coas entidades financeiras, a prestación de servizos financeiros, a través da instalación de caixeiros, promovendo a atención presencial dos veciños e colaborando en programas de formación financeira e banca electrónica.”

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo). Votan en contra os sete concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López).

O Pleno municipal, por quince votos en contra, rexeitou a moción presentada polo grupo municipal do PP en apoio do acceso da poboación aos servizos financeiros.

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

3.1. Informes do equipo de goberno

Acceso á videoacta – 01:26:48 horas

De orde do Sr. presidente, a secretaria xeral dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras núm. 1475/2021, do 24 de agosto, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“1º Aprobar definitivamente o plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais elaborado pola Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

2º Ordenar a publicación da aprobación definitiva do Plan no BOP e na sede electrónica do Concello, na que poderá accederse integramente ao seu contido.

3º Dar conta ao Pleno da citada aprobación definitiva para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

4º Comunicar a aprobación definitiva do Plan á Dirección Xeral de Defensa do Monte, achegando a documentación acreditativa da resolución adoptada.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1515/2021, do 1 de setembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica da área de Urbanismo e Obras efectuada a prol do primeiro tenente de alcalde don Juan González Leirós, do día 6 ao día 19 de setembro de 2021, ambos incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1566/2021, do 10 de setembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica da área de Benestar Social efectuada a prol de dona Lúa Sanguñedo Álvarez dende o día 20 ao 22 de setembro de 2021, ambos os dous incluídos e o día 7 de outubro de 2021 a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

3.2. Rogos

Acceso á videoacta – 01:28:10 horas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/4940, o día 27 de setembro de 2021.

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:28:24 horas

Lee o rogo dona María Jesús González Roel.

Unha vez máis, os contedores colocados no cambio de sentido existente na N-550 á altura de Altamira, ofrecen o lamentable aspecto que ofrecen as fotografías que se achegan. E unha vez máis, incúmpanse os rogos do Partido Popular que sistematicamente foron aceptados polo goberno de Cambre neste mesmo asunto.

De aí que, unha vez máis, desde o Grupo Municipal Popular reiteremos que polo concelleiro competente se adopten as medidas necesarias para acabar co degradado estado que presenta un dos puntos de entrada máis transitados do noso municipio.

Dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, acepta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:29:58 horas

Lee o rogo dona Marta María Vázquez Golpe.

Nos últimos días vivimos en diversos lugares do noso municipio os efectos das torrenciais choivas propias de final de verán. Choivas que provocaron inundacións como as que amosan as fotografías que se achegan, reproducidas nos telexornais de todas as cadeas de televisión e referidas ao contorno do Paseo Marítimo do Temple e a praza de Manuel Murguía, onde a baixada das choivas asolou beirarrúas, inundou garaxes e mantivo temporalmente intransitables os lugares por onde circulaba a auga. Inundacións que non se tiñan producido nunca con tanta virulencia no Temple, o que hai sospeitar que as últimas intervencións realizadas polo concello provocaron, en gran medida, os problemas advertidos.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se interese que, polo concelleiro ou concelleiros competentes se adopten as medidas correctoras necesarias para que non se volvan producir os problemas de inundación advertidos.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, recolle o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:33:15 horas

Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Veciños do lugar de Aián, puxeron en coñecemento do Concello de Cambre, a realización e entidade dunha serie de obras que se estaban realizando nos últimos meses nun terreo particular; consistentes, entre outras, en movementos de terra que alteraron as alturas do terreo orixinario, a eliminación dunha fonte e un lavadoiro e a canalización, a través de entubamento do leito existente en superficie tras as obras levadas a cabo polo Ministerio de Fomento na N-550.

En especial, os veciños poñían en coñecemento do Concello o perigo que supoñía variar o leito natural das augas, co evidente risco de inundacións e posible rotura de muros. O pasado 13 de setembro, como consecuencia da tromba de auga que descargou na nosa comarca, produciuse a inundación dos terreos lindeiros, tal e como os veciños de Aián advertiran ao propio Concello de Cambre.

Solicitado por este Grupo Municipal Popular, mediante senllos escritos de 19 e 23 de setembro, acceso e copia e informe do/os expediente/s administrativo/s incoado/s como consecuencia das queixas veciñais recibidas polo Concello de Cambre con ocasión das devanditas obras; petición reiterada por este Grupo Municipal Popular nas Comisións Informativas do pasado xoves; o certo e verdade é que a día de hoxe non só non se accedeu ao interesado por este grupo, senón que nin sequera se contestou aos particulares afectados, que alertaran previamente ao Concello de Cambre do perigo que entrañaban tales obras.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que polo concelleiro competente se acceda ao interesado por este grupo nos seus escritos de 19 e 23 de setembro e nas últimas Comisións Informativas; e se conteste e informe aos veciños afectados que alertaron ao Concello de Cambre sobre o perigo das obras realizadas.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que para ter acceso aos expedientes, tanto o Grupo Municipal Popular, como os veciños, teñen que comparecer nos ditos expedientes como interesados. Comprobará se xa existen eses escritos por parte dos particulares e, se os hai, contestaranse.

Rogo do BNG presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 999/4947, o día 27 de setembro de 2021, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

Único rogo - Acceso á videoacta – 01:46:04 horas

Lee o rogo don Brais Cubeiro Fernández.

Na estrada Cambre-Temple, á altura da ponte da antiga Bunge, estanse a realizar unhas obras (anexamos fotos) nas que hai un cartel informando que o acceso está interrompido.

En consecuencia, o Grupo Municipal do BNG realiza o seguinte rogo:

Que se aclare a información respecto do dito paso cortado informando ata que punto está interrompido o paso, xa que o cartel do concello non indica en que punto volve estar operativo.

Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, acepta o rogo.



Rogos de AV presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/4946, o día 27 de setembro de 2021, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:47:30 horas

Lee o rogo don Raúl Varela Fraguío.

Veciños e veciñas de diferentes puntos do municipio séguennos a achegar o descoidados que se atopan os lavadoiros. Levamos meses escoitando por parte do concelleiro delegado en Patrimonio os traballos de redacción que se están facendo dun prego para dar supostamente solucións para esta situación. E a realidade é que hai moitos en mal estado de conservación e cheos de maleza. Motivo polo cal rogamos que se faga unha revisión de todos os lavadoiros e se limpen e manteñan en bo estado ata que saia a adxudicación do contrato.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, acepta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:51:21 horas

Lee o rogo don Raúl Varela Fraguío.

A tromba de auga que caeu hai un par de semanas fixo que varios/as veciños/as da zona do Temple nos trasladaran a súa preocupación pola gran cantidade de auga que se xuntou na unión das rúas Constitución con Francisco Rodríguez na praza Manuel Murguía. Posto que esta zona está supostamente renovada coas obras realizadas nos pasados meses. Algo que volveu a repetirse esta semana. Motivo polo que rogamos se estude algunha solución ou modificación das obras para solucionar estes problemas.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, acepta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:52:40 horas

Lee o rogo don Raúl Varela Fraguío.

Xa achegamos en varias ocasións propostas de actuacións para mellorar distintos parques infantís como poden ser o de Santa María de Vigo ou o do Balado. Propostas que foron achegadas a este grupo municipal por veciñanza das distintas zonas do concello e que non terminan por ser recollidas polo goberno municipal. Rogamos novamente melloras para os parques do municipio e tamén maior limpeza. Xa que moitos non poden ser usados debidamente por estar en mal estado ou por estar medio abandonados.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, informa de que xa está licitado.

Rogos de EU-Son en Común presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/4945, o día 27 de setembro de 2021, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:53:50 horas

Lee o rogo dona María Olga Santos López.

O mes de setembro vén de provocar graves problemas de balsas de auga e asolagamentos de moita gravidade no noso concello.

Lugares como Portofaro, Once Caballeros, rúa Muíños ou a contorna da praza Manuel Murguía, no Temple, son auténticos mares en canto as tormentas ameazan con descargar.

A pasividade deste Goberno é un feito certo e demostrado, sobre todo no tocante a calquera asunto que non teña relación directa co uso rendible ou partidista da actuación pública de que se trate.

Temos tantos exemplos como tan poucas ganas de investir o noso tempo en convencer a que non quere escoitar a todos os veciños por igual. É por este motivo que dende EU Cambre, reclamando que este Goberno, dunha vez por todas, comece a atender as necesidades reais de veciñas e veciños do Concello e comece a cumprir co cometido que lles compete, gobernando para todos e todas por igual e facéndose cargo da magnitude do problema que están sufrindo moitas e moitos veciños, pregamos:

Realización inmediata, urxente e impostergable dun estudo das escorrentías, da rede de pluviais, así como das obras públicas que poidan ter afectación no asolagamento de edificios privados acompañando a activación dun protocolo de desatascos e limpeza urxente ante calquera futura previsión de tormentas complementario do plan de limpeza e mantemento dos sumidoiros existentes.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, acepta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 02:04:46 horas

Lee o rogo dona María Olga Santos López.

Testemuñal e abxecta vén sendo a actuación do alcalde de Cambre ante a entidade Abanca como consecuencia da eliminación dun caixeiro que prestaba servizo a moitos servizos. A primeira comunicación, da que quedou constancia en prensa, o rexedor dicía, entre outras cousas: *“Ante esta situación, rógolles que reconsideren esta situación e valoren a posibilidade de volver a instalar un caixeiro na urbanización para poder garantir este servizo básico para os veciños e veciñas.”*

Esta misiva non dá lugar a interpretación nin a conxecturas, obxectivamente Cambre o goberna un alcalde que roga a Abanca. Temos dito en máis ocasións que só hai que deixalo falar, e de cando en vez, escribir, para poder ser testemuñas da descompensación entre v.(...) A Abanca rogando e co mazo dando (ás veciños e veciñas).

O alcalde roga a Abanca nunha carta de amor e EU pregamos ao alcalde neste texto:

Que o Concello de Cambre inicie de inmediato a retirada dos fondos depositados en Abanca, marcando como obxectivo a medio prazo a cancelación de calquera conta aberta na entidade financeira, como presión e protesta pola súa insensibilidade e retirada de servizos do noso concello e noutros moitos de Galicia sendo este un proceso de desvinculación absoluta e progresiva así como de defensa, non só dos intereses do noso concello, como de solidariedade co resto de concellos de Galicia que veñen de sufrir o peche de máis de 40 sucursais.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, non acepta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 02:07:47 horas

Lee o rogo dona María Olga Santos López.

O cruceiro de Pravio é un elemento patrimonial que nos últimos tempos crea unha certa controversia polo seu emprazamento. Ante a intensa circulación na estrada AC-214, o mencionado elemento está exposto a sufrir danos por impacto de vehículos e producir accidentes graves ou dificultar a circulación.

Tendo en conta o exposto e ante a posibilidade de adoptar medidas para evitar males maiores, dende EU-Son en Común.

Pregamos ao Goberno que por parte dos servizos técnicos do Concello de Cambre que correspondan, sexa elaborado un informe sobre a idoneidade da localización do propio cruceiro. Así mesmo soliciten informes neste sentido á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia e Dirección de Patrimonio.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, acepta o rogo.

3.3. Preguntas

Acceso á videoacta – 02:12:15 horas

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/4944, o día 27 de setembro de 2021.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:12:16 horas

Lee a pregunta dona María Jesús González Roel.

Solicitada polos veciños de Altamira a instalación no parque existente xunto ao santuario dun banco onde poder descansar e unha pequena cuberta que acubillara do sol aos usuarios, por orde da concellería competente colócase o banco interesado e unha pérgola que, tal e como se advirte polas fotografías que se achegan, non cumpre coa finalidade solicitada polos veciños, descoñecendo hoxe en día, pese a ter sido requirido por este Grupo Municipal Popular que solución se vai dar a esta actuación para cumprir o solicitado polos veciños.

Razóns que xustifican que, desde o Grupo Municipal Popular se interese que pola concelleira competente se informe sobre a empresa adjudicataria da mencionada pérgola e o procedemento de adjudicación, así como o custo da dita actuación para as arcas municipais.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:13:31 horas

Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

As necesarias obrigas de publicidade e transparencia obrigan a publicar, mediante paneis informativos, as obras, tanto públicas como privadas que se realizan en calquera intervención. Paneis nos que se recollen unha serie de datos como o promotor, tipo de intervención, datas de inicio e de terminación das obras e amparo municipal mediante licenza ou permiso.

Varias son as ocasións nas que este Grupo Municipal Popular é advertido polos veciños, da realización de distintas obras públicas ou privadas nas que non se conta cos ditos paneis informativos no seu exterior. De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se pregunte ao concelleiro competente, cal ou cales son os criterios que

desde a súa concellería se están seguindo para esixir ou non esixir a dita información nas obras que se realizan no noso concello e se están sendo sancionadas as ausencias da dita información.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:15:10 horas

Lee a pregunta dona Marta María Vázquez Golpe.

A falta dun mes para que se dea por finalizado o plan “Disfruta Cambre”, que se puxo en marcha no mes de xuño polo concello co obxectivo de promover o consumo nos locais de hostalería mediante os denominados “cambrecoins”, pregúntase ao concelleiro da área polo resultado do dito programa expresado en cifras, entendéndose por tales o número de locais adheridos, cantidades que xa foron reintegradas aos participantes, número de bonos consumidos, valor total deles e prazos de aboamento das cantidades adiantadas polos participantes.

Don Diego Alcantarilla Rei, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta a pregunta.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/4947, o día 27 de setembro de 2021, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª-2ª-3ª preguntas - Acceso á videoacta – 02:17:22 horas

Lee as preguntas don Brais Cubeiro Fernández.

Vista a falta de previsión e o tarde que chegaron as rozas dos camiños e estradas neste ano 2021, realizamos as seguintes preguntas:

- Cal é o plan previsto para o ano 2022?
- Cantas rozas teñen previsto realizar no ano 2022?
- Hai un calendario das rozas dos camiños e estradas municipais para o ano 2022?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta a pregunta.

Preguntas de AV presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/4946, o día 27 de setembro de 2021, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:19:33 horas

Lee a pregunta dona Sandra Sánchez Vieites.

Ao fío das trombas de auga que xeraron diferentes incidencias en diversos puntos, coñecemos que na Biblioteca Xabier Docampo e na Biblioteca Central de Cambre tamén houbo incidencias. Motivo polo cal preguntamos polas actuacións realizadas para solucionar estas incidencias acontecidas tamén nestas instalacións.

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:20:34 horas

Lee a pregunta dona Sandra Sánchez Vieites.

Vemos como noutros concellos da contorna levan meses realizando programas tanto culturais, como deportivos, xerando alternativas de ocio para a veciñanza.

Preguntamos en diversas ocasións por que en Cambre só se están a realizar actividades de carácter puntual, practicamente. E sempre contestan que o estado de alerta sanitario.

Despois hai contradicións como, por exemplo, facer rutas medioambientais, pero as dedicadas á xuventude están paradas. Fixéronse actividades deportivas de verán moi enfocadas a público infantil, pero non para a terceira idade e adultos en xeral. Concertos variados, pero o Rock in Cambre substitúese por un documental, cando temos moitas bandas locais que poderían facer pequenos concertos.

Unha vez máis Alternativa pregunta cal é a previsión de iniciar programas culturais, deportivos, para xuventude e terceira idade e adultos para a tempada outono/inverno.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:21:51 horas

Lee a pregunta dona Sandra Sánchez Vieites.

Posto que estes días está aberto o prazo de presentación de propostas para os orzamentos participativos de “Decidámolo Xuntos”. Veciñanza preguntounos sobre o funcionamento deste programa. Motivo polo cal preguntamos: Cales foron as propostas gañadoras que se levaron a cabo en cada unha das edicións?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta a pregunta.

Preguntas de EU-Son en Común presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/4945, o día 27 de setembro de 2021, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:24:32 horas

Lee a pregunta dona María Olga Santos López.

Na anterior lexislatura, xa temos denunciado que no lugar de Amil, un poste de acometida eléctrica supón un perigo para a circulación pola situación irregular na vía pública.

Preguntamos se a día de hoxe existe ou hai elaborado por parte dos técnicos municipais un inventario con todos os postes que poidan supoñer un perigo para a seguridade, así como os que se atopan en mal estado de

conservación, e en caso de que a resposta sexa negativa, a que agardan para realizalo.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:26:58 horas

Lee a pregunta dona María Olga Santos López.

O derrubamento dun muro de contención e Pravio mantivo o camiño pechado varios días a circulación.

Que motivos provocaron a tardanza da apertura do viario?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:29:22 horas

Lee a pregunta dona María Olga Santos López.

Atendendo ao prego de prescricións técnicas particulares que rexerán na contratación dos traballos de limpeza, roza e desherbado no Concello de Cambre observamos que no seu artigo 9 recóllese:

“Artigo 9º: Remisión de partes de traballo

Semanalmente, e logo da súa execución, o contratista comunicará á Sección de Servizos Municipal o plan de tratamentos programado, detallando os tramos que deben de acometerse, a súa lonxitude e superficie, estado da vexetación.

Unha vez realizados os traballos de cada semana, presentárase un parte de traballo no que se reflecta o realmente executado, vía e-mail ou a través da aplicación web instalada, aos servizos técnicos municipais os partes necesarios onde se reflectan:

- distribución de medios: humanos, materiais e mecánicos, desagregados por parroquias, quendas, categorías, tipos de traballo, etc., rendementos obtidos.
- Incidentes ocorridos durante as xornadas.”

Atendendo á redacción do artigo as obrigas nel recollidas pasarían por ter a disposición de quen tiveramos interese en comprobar o cumprimento dos pregos de prescricións técnicas e neste sentido preguntamos:

Recibimos semanalmente e previamente á súa execución na Sección de Servizos do noso concello o plan de tratamentos programado nas rozas, detallando os tramos a acometerse, lonxitude e superficie e estado da vexetación, así como o parte de traballo posterior que reflecta o executado con indicación da distribución de medios e incidentes tal e como estipula o artigo 9º?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta a pregunta.

Pregunta oral presentada por C's

Única - Acceso á videoacta – 02:33:12 horas

Dona María José García Hidalgo pregunta se onte estivo o Sr. alcalde, Óscar García Patiño, andando por aquí, pola casa do concello, e hoxe mesmo tamén, incluso neste salón de plenos, pese a estar de baixa ou non



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

podendo asistir a este pleno e a outras funcións do seu cargo por prescrición médica, como o mesmo Sr. González Leirós lles dixo ao principio do pleno.

O Sr. presidente di que se contestará por escrito.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e trinta e cinco minutos, do que eu, secretaria xeral, certifico.

O presidente

Juan González Leirós

A secretaria xeral

Maria Luisa de la Red Ampudia